

ACTIVIDADES: O INDOEUROPEO E AS LINGUAS INDOEUROPEAS.

1.- Responde as seguintes preguntas.

1. Que se entende por *indoeuropeo*?
2. Por que se chama *latín* á lingua dos romanos?
3. Que se entende por *linguas romances*? Pon exemplos.

2.- Nomea dúas linguas indoeuropeas de cada un dos seguintes grupos.

- xermánico:
- eslavo:
- céltico:
- indo-iranio:
- báltico:

3.- Le atentamente o seguinte texto.

O gaélico ou irlandés

O **gaélico** ou **irlandés** é unha lingua celta da familia indoeuropea. Os restos máis antigos do irlandés son as inscricións das Pedras Ogham, que datan do século V e VI d.C. Estas amosan un alfabeto diferente do latino (é o que se denomina *paleoirlandés*), pero despois os romanos latinizaron esta escritura.

A partir do século XVIII o idioma comezou unha etapa de progresivo declive, perdendo terreo rapidamente fronte ao inglés, en parte polas restricións ditadas polo goberno británico (un evidente exemplo do que proceso coñecido polos lingüistas como substitución lingüística). No século XIX a situación continuou empeorando debido a que perdeu a unha gran cantidade de falantes debido á morte e á emigración resultantes da pobreza, particularmente durante a **Gran Fame** (1845-1849), período no que se calcula que a poboación irlandesa se reduciu entre un 20 e un 25 por cento.

► Agora responde as seguintes preguntas.

1. O **gaélico** ou **irlandés** é unha lingua indoeuropea?
2. Que significa o prefixo *paleo-* que temos en palabras como *paleoirlandés*, *paleolítico*...?
3. En que século tivo lugar a chamada **Gran Fame** irlandesa?

3.- Completa as seguintes oracións cunha palabra do recadro.

sánscrito- prehistoria-estepas do sur de Rusia-método comparativo-convencional

1. Posto que non se conservan testemuños escritos, díse que o indoeuropeo é unha lingua _____.
2. Pero é posible a reconstrución do indoeuropeo a partir das lingua que del veñen (é dicir, *as linguas indoeuropeas*): é o chamado _____.
3. O de “indoeuropeo” é un termo _____.
4. Grazas aos estudos de Marija Gimbutas, hoxe sabemos que os antigos ndoeuropeos vivían nas _____.
5. Para a lingüística indoeuropea é moi importante a lingua antiga da India, chamada _____.

4.- Nos seguintes grupos hai unha lingua que non está relacionada coas outras tres. Sinálala e xustifica a túa resposta.

Exemplo:

galego, francés, portugués, inglés

galego, francés e portugués son linguas románicas; o inglés é unha lingua xermánica

1.- danés, albanés, holandés, alemán.

2.- occitano, romanés, sardo, escocés.

3.- ruso, polaco, grego, búlgaro.

4.- vasco, sánscrito, latín, irlandés.

5.- bretón, irlandés, escocés, galego.

5.- Escribe verdadeiro (V) ou falso (F). Xustifica a túa resposta.

Exemplo:

O bretón é una lingua románica. É falso porque o bretón é unha lingua celta.

1. Todas as linguas de Europa son indoeuropeas.

2. Todas as linguas románicas son indoeuropeas.

3. O lituano, o letón e o ruso son linguas bálticas.

4. O romanés é unha lingua eslava.

5. O albanés non é unha lingua indoeuropea.

6.- Une cada lingua co grupo ao que pertence.

1.- Holandés

a.- linguas románicas

2.- Romanés

b.- linguas celtas

3.- Lituano

c.- linguas xermánicas

4.- Irlandés.

d.-linguas bálticas

5.- Búlgaro

e.-linguas eslavas.